



SUBVENCIONS E CONTROL PÚBLICO

Na permanente campaña publicitaria, o PSOE sempre ten interese en publicar na prensa as subvencións que teñen carácter de axuda social, mais silencia outras moitas con importantes cantidades e que amosan cales son as súas prioridades políticas, nunha situación de desemprego crítica e de necesidades sociais básicas:

- Comisión de Festas: 179.500 €
- Entidades deportivas: 219.000 €
- Clube de fútbol: 200.000 €
- Entidades culturais: 104.200 €
- Entidades sociais: 66.000 €
- Asociacións veciñais: 33.000 €
- Patronal Seara: 30.000 €
- Festas parroquiais: 11.200 €
- Material escolar: 25.000 €
- Emerxencia social (alimentos, auga, luz, alugueres, hipotecas, ..): 50.000 €

CONTROL DAS SUBVENCIONS

Mais a concesión das subvencións é só unha parte da política deste Concello, outra tamén importante é o seu control (ou descontrol); como exemplo podemos ver a resolución da Alcaldía e o informe de Intervención sobre a xustificación da subvención das Festas do 2013, que, de seguro, non coñecen todos os membros da Comisión, dos que non se dubida da súa voluntariedade e honestidade.

Sobre duns ingresos de 201.736 € e uns gastos de 259.257 €, a Intervención do Concello, á vista tamén do informe desfavorable de Cultura, considera que no capítulo de gastos hai 163.784 € non xustificadas debidamente e que, coa documentación aportada, existen incumprimentos que constitúen unha infracción administrativa grave.

A proposta da Intervención conclúe que, segundo as bases, a Comisión non podería participar na convocatoria de 2014 e que debería reintegrar ao Concello un total de 48.551€ e o interese de mora.

O Alcalde resolve aprobar a xustificación e pagar o 20% restante, é dicir, outros 35.900 €.

Quen se lembra do titular de prensa?:

La Voz de Galicia.es

la reforma local

«El que manda ahora es el interventor»

21 de abril de 2014

«Yo podría gastarme ahora legalmente tres millones de euros en traer a Bruce Springsteen, pero en cambio el interventor me impide dedicar 100 euros a un curso de empleo de carretilleros porque no es una competencia municipal». De esa manera tan diáfana el alcalde de As Pontes, Valentín Formoso, define el poder que a juicio de gran parte del estamento municipal atribuye a los interventores la Ley de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local.

--oo0oo--

Se queres recibir o Voceiro do BNG no teu correo electrónico, envíanos a túa solicitude a: **aspontes@bng-galiza.org**